BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Martes, 27 de outubro de 2026
Núm. 207

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOAÑA

Persoal, oposicións

MODIFICACIÓN BASES QUE REGULARÁN O PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR PRAZAS E POSTOS DE TRABALLO VACANTES NO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE MOAÑA, INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2020 E 2025

No acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 13 de outubro de 2026 aprobouse a modificación das bases reguladoras do proceso selectivo para cubrir, polo sistema de promoción interna, a praza vacante de peón especialista incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2020 e 2025 do Concello de Moaña, cuxa convocatoria e texto íntegro publicouse no BOP nº 28 do 08/02/2024, segundo o indicado a continuación:

O título, a base primeira das bases xerais, a base segunda das bases xerais, a base cuarta.2 das bases xerais, o título do punto 1 das bases específicas e a base primeira das bases específicas quedarían substituídas integramente polo seguinte texto:

BASES QUE REGULARÁN O PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR PRAZAS E POSTOS DE TRABALLO VACANTES NO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE MOAÑA, INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2020 E 2025

BASES XERAIS

Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é regular o proceso selectivo para a provisión das seguintes prazas e postos de traballo vacantes no cadro de persoal, incluídos nas seguintes Ofertas de Emprego Público:

Oferta de Emprego Público do ano 2020 (en adiante OPE 2020), aprobada por Resolución de Alcaldía 2020-1310, do 30 de decembro de 2020 (BOP núm.22 do 03.02.2021 e DOG núm. 30 do 15.02.2021)

PERSOAL LABORAL FIXO.

Nº	Denominación	Grupo	Subgrupo	Provisión
1	Peón especialista	5	5A	Promoción interna

Oferta de Emprego Público do ano 2025 (en adiante OPE 2025), aprobada na sesión ordinaria da Xunta de goberno local do 30 de xuño de 2025 (BOP núm. 152 do 12.08.2025 e DOG núm. 170 do 04.09.2025)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:RPUHCILY5H4XS1L8

PERSOAL LABORAL FIXO.

Nº	Denominación	Grupo	Subgrupo	Provisión
1	Peón especialista	5	5A	Promoción interna

As ditas prazas estarán dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e coas retribucións complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriban as prazas.

Segunda. Publicidade das bases

O texto íntegro das bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Moaña https://concellodemoana.sedelectronica.gal (apartado "INFORMACIÓN XERAL"- Taboleiro de anuncios/sección "Emprego Público").

O anuncio da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Cuarta. Prazo de presentación de solicitudes

2. O prazo para presentar as solicitudes de participación será de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia.

BASES ESPECIFICAS

DÚAS PRAZAS DE PEÓN ESPECIALISTA (PROMOCIÓN INTERNA)

Primeira. Características da praza.

PERSOAL LABORAL FIXO

Nº	Denominación	Grupo	Subgrupo	Provisión
2	Peón especialista	5	5A	Promoción interna

Moaña, a 19 de outubro de 2026 A alcaldesa, Leticia Santos Paz

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:RPUHCILY5H4XS1L8